

# PROXECTO COMPETENCIAL CURSO 2024/2025

## PROFESORAS e GRUPOS:

**María Vidal (1ºC – 2ºB – 3ºB)**

**Montse Rguez (1ºB – 2ºA – 3º A – 4ºA/B)**

NOTA: O alumnado de 1º ESO (B/C) e 3º ESO (A/B) terán clase simultaneamente, nun único grupo coas dúas profesoras.

## AULAS:

1º ESO B/C (**Info 1 e Aula 15**)

3º ESO A/B (**Info 1 e Aula 14 Xer1**)

2º ESO A/B (**Info 1**)

4º ESO A/B: **Xer2/Biblioteca**

## TÍTULO DO PROXECTO: “O resón das cantareiras e pandeireteiras do Val Miñor”

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO: A RAG adicará o Día das Letras Galegas 2025 ás “cantareiras e á poesía popular oral”. Dende o noso centro gustaríanos investigar sobre a música tradicional galega no Val Miñor e poñer en valor esta cultura que as nosas avoas e os novos avós gardan na súa memoria e que está a esquecerse.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- 1.- Cada avaliación terá un peso propio: 1ª Avaliación 20% do total da nota; 2ª Avaliación 30% do total da nota e 3ª Avaliación 50% do total da nota.
- 2.- Cada avaliación será avaliada entre 1 e 10.
- 3.- Cada sesión de clase porase unha nota, que reflecta o traballo realizado por cada alumno e alumna nesa sesión e as súas achegas ao diario persoal que tedes no FORO. A nota oscilará entre CERO e UN (non traballa ou traballa). Suporán o 40% da nota de cada trimestre.
- 4.- Cada traballo realizado individualmente, por parellas ou grupos será avaliado entre 1 e 10. Suporán o 60% do total da nota de cada trimestre.
- 5.- Non haberá recuperación das avaliacións, será avaliación continua. En xuño, de non superar a materia, deberedes realizar un traballo ou traballo de recuperación sobre o TEMA do proxecto, basicamente completar as tarefas escritas non desenvoltas.

## TAREFAS PREVISTAS:

- 1.- Darse de alta na Aula Virtual do Proxecto (farémolo nunha hora de clase) e organizarse en pequenos grupos (Preavaliación). Este curso imos ter unha única Aula Virtual para todos os grupos de Proxecto Competencial, mais cada grupo ten as súas carpetas e os seus diarios.
- 2.- Levar o **DIARIO MENSUAL** ao día (están na Aula Virtual, organizados por niveis e meses).
- 3.- Elaboración de diversas tarefas sobre o tema escollido neste curso (gran grupo, pequeno grupo ou individuais). A finalidade é a preparación dunha exposición (para presentar a un concurso da Xunta), un blog e un concerto de parte do alumnado (o que desexe participar) e o profesorado para a Semana das Letras Galegas.
- 4.- Unha saída pola contorna do centro (por trimestre), para traballar o tema escollido.
- 5.- Desenvolvemento dunha actividade, por trimestre, en colaboración co Departamento de EDLG e Biblioteca. Por exemplo, 1ª Avaliación “O Samaín”, todas elas vencelladas co tema do proxecto.

## NORMAS AULA:

- No centro respectamos a todos os compañeiros e compañeiras e o material empregado no desenvolvemento do traballo (mesas, cadeiras, paredes, etc).
- Debemos ter especial coidado cos ordenadores do centro: non se modifica a súa configuración, non se cambia o fondo de pantalla e trátase con respecto teclado, rato, torre, etc. Ao remate de cada sesión de clase apagamos os equipos empregados. Asemade, todo o mundo ten que anotarse no libro de rexistro da sala de informática co número do seu ordenador.
- Na clase non se come (incluídos os chicles e caramelos), salvo cuestións de saúde.